

**SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE
DÍA 13/01/2020
(Extracto en [http: sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal) - transparencia)**

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

Lista de asistentes

ARGIMIRO SERÉN MERA
LINO MOURIÑO SANTIAGO
LUZ MARIA ABALO PÉREZ
DIEGO GARCIA SANTIAGO
MATILDE LAYA LORENZO

Lista de non asistentes

TANIA GARCÍA SANMARTÍN
JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO

SECRETARIO/A

MARIA DEL ROSARIO GONZALEZ PACIOS

INTERVENTORA

TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 11:10 horas do día 13/01/2020 reuníronse na Sala de reunións, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 07 de xaneiro de 2020, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2020/0112

En relación coas propostas de gasto que se van a tratar na presente Xunta de Goberno Local, comunícase o seguinte:

- 1) Dáse conta do informe da Intervención Municipal en relación coas propostas de gasto engadidas na Xunta de Goberno Local de 13 de xaneiro de 2020. Tendo en conta o límite previsto no artigo 118.3 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, para contratos menores que no prazo de 12 meses naturais, illada ou conxuntamente, non poderán superar para un mesmo provedor as contías de 15.000 € para servizos e subministros e 40.000 € para obras.
- 2) Dáse conta do informe do Órgano de Contratación (Alcaldía), no que se indica que os contratos menores dende o 9 de marzo de 2018, que afectan aos provedores que figuran nos expedientes que se pretenden someter á aprobación da Xunta de Goberno Local de 13 de xaneiro de 2020, son os seguintes e cumpren co disposto no apartado primeiro citado:

a) **PROVEDORES QUE CUMPREN OS LÍMITES CUANTITATIVOS DO ARTIGO 118:**

PROVEDOR	CIF	PROPOSTA A APROBAR	DATA XGL	CUMPRE
AVIVAE SOLUCIONS ESTRATEXICAS, S.L.	B94140688	14.883,00 €	13/01/2020	SÍ
BATA SERVICIOS INTEGRALES A LA COMUNIDAD, S.L.	B94040524	2.584,00 €	13/01/2020	SÍ
BLANCO GONZALEZ, NESTOR	35483875G	249,26 €	13/01/2020	SÍ
CASALDERREY FRAGA, XOSEFA	35238914Q	250,00 €	13/01/2020	SÍ
LAPPSET ESPAÑA VR, S.L.	B60961554	2.740,65 €	13/01/2020	SÍ
VIDAL MENDOZA, PABLO	35451618Q	4.912,00 €	13/01/2020	SÍ

- b) Nos expedientes anteriormente citados non se está alterando o obxecto do contrato coa finalidade de evitar a aplicación das regras xerais de contratación (Lei 9/2017).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2020/0090

Dáse conta da publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, de data 2 de xaneiro de 2020, das Bases Reguladoras e convocatoria do Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos 2020), cun prazo para presentación de solicitudes de tres meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2020/0091

Dáse conta de acordo do Pleno da Corporación Provincial, da sesión de data 29 de novembro de 2019 de aprobación da Moción do grupo provincial do Partido Socialista (PSdeG-PSOE) pola que se solicita á Consellería de Medio Ambiente, Territorio Vivenda da Xunta de Galicia que licite e execute canto antes o tramo pendente da Vía Verde do Salnés para que a totalidade do itinerario estea dispoñible como recurso turístico durante o ano 2020.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2020/0092

Dáse conta da acta de cesión en propiedade dunha tenda de campaña para as emerxencias, propiedade da Comunidade Autónoma de Galicia, a favor do Concello de Vilagarcía de Arousa.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aceptar a cesión da citada tenda de campaña.

PRP2020/0113

Dáse conta do escrito presentado por Dona Inés Montaña Pérez, solicitando autorización para ocupación da vía pública os días 18 e 19 de xaneiro, para realización dun mercadiño co fin de recadar fondos para a excursión de 1º de Bacharelato do IES Miguel Angel González Estevez, así como a cesión de dúas carpas, mesas e cadeiras.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2020/0114

Dáse conta do escrito presentado por Dona Ana M^a Granja Guillán, en representación do Partido Popular, solicitando autorización para ocupación de vía pública na Praza de Galicia o día 18 de xaneiro, en horario de 10:30 a 14:00 hora, así como a cesión dunha carpa, dúas mesas e catro cadeiras, para o desenvolvemento dunha actividade informativa.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

BENESTAR SOCIAL

EMPREGO

PRP2020/0098

Dáse conta de Resolución do Servizo de Emprego e Economía Social, da Consellería de Economía, Emprego e Industria - Xefatura Territorial de Pontevedra, pola que outorga a este Concello unha subvención, por importe de 14.211,33 €, para a contratación de 1 axente de emprego e desenvolvemento local, por un período de 1 ano (Procedemento TR351B), de conformidade coa solicitude presentada ao abeiro da Orde do 18 de setembro de 2019 (DOG nº 188, do 3 de outubro de 2019).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aceptar as obrigas establecidas na citada resolución.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

MERCADOS

PRP2020/0097

Dáse conta do escrito presentado por Dona Ana Raquel Vicente Buendía solicitando a baixa dos postos nº 90 ao 98 da zona de Plazoleta detrás da Praza da Verdura, do mercado semanal de Vilagarcía de Arousa.

Visto o informe do Servizo de Mercados e de conformidade co artigo 14.d) do Regulamento Municipal de Venda Ambulante do Concello de Vilagarcía de Arousa, a Xunta de Goberno Local acorda conceder a baixa solicitada, procedendo á baixa no Padrón de Mercados con efectos de 31 de decembro de 2019.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2020/0039

Vista a proposta do Servizo Municipal de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Lappset España SL para o subministro dun tobogán para o

Parque da Praia Compostela para a substitución do actual que se atopa deteriorado, por un importe total de 2.740,65 € (IVE incluído), con cargo á partida 171.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

TURISMO

PRP2020/0087

Dáse conta da proposta do Servizo de Turismo sobre a necesidade de realización dun Plan Estratéxico de Turismo de Vilagarcía de Arousa que poña en valor o territorio, incremente a competitividade turística e potencie o emprego e o emprendemento.

A Xunta de Goberno Local acorda adxudicar a realización do mesmo á Empresa Avivae Solucións Estratéxicas SL, por un importe total de 14.883,00 € (IVE engadido), con cargo á partida 432.22799, de conformidade coa proposta presentada.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2020/0100

Dáse conta de publicación pola Axencia de Turismo de Galicia de Resolución do 3 de decembro de 2019, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos para o apoio, promoción e difusión ás festas declaradas de interese turístico de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2020.

A Xunta de Goberno Local acorda:

- Solicitar subvención ao abeiro da citada convocatoria por un importe de 3.000 € con destino á compra de ameixa.
- Aceptar a contribución de ABANCA, por un importe de 1.500 €, mediante a sinatura do correspondente convenio.
- Comprometerse ao financiamento por parte do Concello de Vilagarcía de Arousa do importe non cuberto pola subvención.

POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

CONSUMO

PRP2020/0102

Dáse conta de sentenza nº 294/2019, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 3 de Pontevedra, en autos do Procedemento Abreviado nº 92/2019, que estima o recurso contencioso administrativo interposto por Dona Laura González López, motivado pola desestimación reclamación de responsabilidade patrimonial presentada con data de rexistro de entrada 10/08/2018 polos danos causados ao sufrir unha caída por unha tapa de sumidoiro mal colocada.

Tendo en conta que a citada Sentenza é firme e que no seu fallo condena ao Concello ao aboamento da cantidade de 578,00 € (mais xuros legais correspondentes), a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO: proceder á execución da sentenza número 294/2019 ditada polo Xulgado do Contencioso-administrativo número 3 de Pontevedra, coa data de 16 de decembro de 2019.

SEGUNDO: aprobar o gasto e o recoñecemento de obrigación a favor de Dona Laura González López polo importe total de 602,18 € (principal máis xuros), imputándoo á partida 929.22699.

CULTURA

PRP2020/0103

Vista a Proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a realización dun Concerto presentación do CD homónimo denominado "Galicia Fermosa", o día 18 de xaneiro no Salón de Actos do Auditoro Municipal, dedicado ao músico e compositor nado en Carril D. Juan Vidal Lemiña, coa actuación de varios artistas e con carácter gratuíto e aberto a todo o público, cun custo de produción de 4.912,00 € a cargo de D. Pablo Vidal Mendoza, con cargo á partida 334.22609, sendo a cargo do Concello calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actividade.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2020/0104

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado BATA Servicios Integrales a la Comunidad, S.L., para reparto de material publicitario das actividades de carácter cultural durante o ano 2020, por importe de 2.584,00 €, con cargo á partida 334.22602.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2020/0105

Dáse conta do escrito presentado por D. Germán Manuel Torres de Aboal solicitando a colaboración municipal para a celebración da edición nº 100 da Mesa das Verbas, o día 18 de xaneiro de 2020, ás 20:00 horas no Salón García.

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda a autorizar a celebración do citado evento no Salón García, sendo o seu carácter gratuíto, así como a colaboración municipal solicitada.

Acórdase así mesmo a aprobación do gasto correspondente, por un importe total de 499,26 € con cargo á partida orzamentaria 334.22609, coa seguinte desagregación:

- Xosefa Casalderey Fraga, (conferenciante), por un importe de 250,00 € (IVE exento).
- Nestor Blanco gonzález (actuación musical), por un importe de 249,26 € (IVE incluído).

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

E sen máis asuntos que tratar, ás 12:10 horas levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.